



1935
AGOSTO 2014
FESTIVAL
CULTURAL ARA DAS MANTAS
MAGALHÃES DO SUL
SANTARÉM

ALCATRUZ



AGOSTO 2014
Nº 5
Ano VI

Foto Portada:
rúa Aureliano Ferreiro (Maceda)

SUBVENCIONA:



EDITA:

A. C. "Aira das Mantas"

DESEÑO MAQUETA:

José Luis Rodríguez Rguez.
Milagros Aldemira Requejo

MAQUETACIÓN:

José Luis Rodríguez Rguez.

MONTAXE:

Miriam Pérez Gómez

COLABORACIÓNS:

Santiago Prol Blanco
Lucas Domínguez González
Mercedes López Pascual
Antonio Capilla Loma
Amalia González Otero
Luis Del Campo Prol
José Manuel Pascual Ramos
José Antonio Rodríguez Glez.
Mª Carmen Aldemira Requejo
Pilar Aldemira Requejo

AGRADECIMENTOS:

Antonio Pérez Guede
Ismael Del Campo López
José Juan Pérez Ramos
Veciños do val de Tioira

IMPRIME:

Ed. Estel-Imprenta Barnola, S.L.

SUMARIO:

Limiar	2
Vestixios dos nosos devanceiros (VI)	3
A princesa moura coxa (lenda)	6
San Mamede (unha visión orográfica dende a súa atalaia)	8
O traxe tradicional da muller galega	11
Poemas	14
Fernando Eulogio Quiroga Palacios "O Cardeal" (1900-1971)	16
Cantigas populares	20
As construcións adxectivas: Xardela, o derradeiro bastión	22
No val de Maceda (Parroquia a parroquia): Santirso, a vila da Serra	26
Unha xornada de esmorga	33
Pasatempos	36



LIMIAR

A investigación sobre patrimonio e cultura, circunscrita ó Val do Medo, fermoso e único, é a seña de identidade desta editorial e, tamén, a desta pequena asociación cultural que é Aira das Mantas.

Dende hai cinco anos, con máis ou menos acerto, tentamos achegar ós lectores o noso patrimonio, tanto material como inmaterial, así como a nosa cultura e para iso valéndonos de escasos recursos pola falta de axudas institucionais, pero, iso si, que contrarrestamos grandemente, por unha banda, con todos os nosos colaboradores e colaboradoras nos distintos números publicados ata agora, ós que agradecemos as súas desinteresadas aportacións, sen as que a revista non sería tal e, por outra banda, con quen poñendo os medios necesarios, especialmente Paco Nóvoa en anteriores números e Antonio Pérez neste que, dun xeito meramente altruista, fixeron posible que o proxecto desta Asociación que é a revista ALCATRUZ puidera ser unha realidade.



Carro

Somos conscientes de que o grande e rico patrimonio deste noso val vai esmorecendo porque os seus depositarios tamén van esmorecendo. E nós non só temos a obriga de coidalos, fisicamente, senón tamén de tentar conculcarlles o importantísimo que é que se xungan coas xeracións dos máis cativos. Quereamos que nos conten quen somos e por que estamos onde estamos, porque senón acabaremos diluíndonos entre unhas verbas nos libros de historia e

non, non debemos conformarnos con ser soamente unhas verbas, debemos querer ser nós, os habitantes do Val do Medo!

Porque, quen sabe cómo se facía un carro? Quen un cabaceiro? Quen enrastrar unha ristra de allos? Quen o tempo da semente? Quen lembra os nosos contos de fadas, raposas ou luces na noite? Quen...?

Eles..., os nosos vellos son os que poden contarnos esas nosas cousas. E señores, non é certo que sexa cousa de presupostos, senón de interese e vontade! Xungamos pois vontades, que todos os camiños teñen puntos de encontro e os nosos atópanse no noso Val do Medo!



VESTIXIOS DOS NOSOS DEVANCEIROS (VI)

Santiago Prol Blanco

En abril de 1467 produciuse o grande levantamento irmandiño. Máis de 80.000 homes espaxéronse por Galiza derrocando unhas 130 torres e castelos. Os señores galegos refuxiáronse durante dous anos en Portugal, Asturias e Castela, até que lograron regresar organizados con moitos mercenarios e abondosa artillería

TRADICIÓN POPULAR

No século XV os campesiños, algúns fidalgos e os pequeno burgueses estruturáronse en irmandades para defenderse da alta nobreza que os abafaba con impostos abusivos. Aquel descontento popular derivaría nunha primeira revolta no ano 1431 en terras dos Andrade, con Roi Xordo e a Irmandade Fusquenlla abandeirando o levantamento. Remataría xa que logo na posterior Revolución Irmandiña que atinxiu á maior parte do Reino de Galiza e que trouxo consecuencias que perduraron até os nosos días.

A Torre de Maceda fora asaltada e derrubada en



Torre da homenaxe
(castelo de Maceda)

parte polo exército abandeirado por Diego de Lemos. Nese escenario aparece Xoán de Nóvoa, XVI señor da casa de Maceda, fuxido a Lusitania co conde Álvarez de Soutomaior, logo coñecido como Pedro Madruga. O notario catedralicio ourensán Afonso Eanes de Palmoi redactou en 1468 un documento no que situaba ao fidalgo da casa de Maceda: *“O arcebispo Alonso Fonseca II demanda do cabido de Ourense que non se interpoña nos bens de Xoán de Nóvoa, porque é persoa que el aprecia e solicita que pospoña a vista dun caso que el ten pendente coa xustiza, pois dito Xoán de Nóvoa está desterrado en Portugal”*.

A Terra de Maceda estivera en mans dos revolucionarios baixo o mando do derradeiro xefe militar irmandiño, o único que pactou a retirada. A desfeita e a desmoralización posterior fora profunda. Os nobres vin-

dicáronse aínda que non todos do mesmo bando. Pedro Madruga rematou enfrontándose co arcebispo Fonseca. Ao morrer Enrique IV en 1474 agromou o conflito sucesorio entre a irmá do monarca finado e a filla. O prelado tomou partido por Isabel. Pedro Madruga aliouse coa Beltranexa e coa causa lusitana. O cronista Vasco de Aponte (1534) sitúa a Xoán de Nóvoa da casa de Maceda no bando do arcebispo, xunto con Luís de Vilamarín, os Mosquera e os da casa de Monterrei. O nobre orixinario de Maceda e os demais señores reduciron e venceron a Pedro Madruga en Pontevedra, entre o outono de 1476 e a primavera do ano seguinte.

En 1479 asinouuse a paz co Tratado de Alcaçovas. Afonso V de Portugal recoñeceu a Isabel como raíña de Castela e os dereitos sobre as Canarias. O dominio luso prevalecería sobre a costa

occidental africana, Madeira, Açores e o arquipélago de Cabo Verde. Dende aquel intre o monarca portugués e os soberanos João II e Manuel I centrarían as súas enerxías vía marítima na procura de novos mercados e territorios, mesmo cun protagonista orixinario da Casa de Maceda, João da Nova, que dirixiu a IIª Expedición á India, na que se amosou como un salientábel descubridor conformándose como nun galego universal que mesmo deberíamos vindicar todos.

Galiza coa centralización rematou á defensiva. “*Domada e castrada*” en verbas de Zurita, o secretario do Consello da Inquisición. Boa parte dos nobres galegos quedaron fóra de xogo, algúns traizoados e outros mesmo decapitados. O Estado moderno amosouse catastrófico para Galiza, que aínda está a pagar as consecuencias daquela desfeita cincocentos anos despois.

Co troco de réxime pasouse do sistema feudal ás monarquías autoritarias e a un novo espazo económico, o mercantilista. A “*Santa Hermandad*” actuou eiquí como un exército de ocupación sen complexos; unha policía mercenaria na procura do que eles denominaban “*bandi-*

dos”, entre os que incluían “*listas negras*” con membros salientábeis da familia Nóvoa de Maceda.



As tenencias trocáranse en xurisdicións. Os Nóvoa rezentaban un territorio diferente ao actual do concello de Maceda. Dende o s. XVI as xurisdicións e coutos da contorna estaban en constantes disputas, pois pertencían a diversos propietarios eclesiásticos [Asadur, Montederramo, Xunqueira de Espadanedo] ou nobiliarios civís [Nóvoa, Monterrei, Losada, Soutelo]. O morgado de Maceda fora recoñecido o 28 de abril de 1520. As Leis de Toro (1501), con engadidos posteriores, transformaron os morgados de privilexio da nobreza, en institucións de dereito común. A posibilidade de xunguir varios morgados e a política matrimonial de comenencia da nobreza, elucida a enorme

concentración de patrimonios nos séculos XVI e XVII, que mesmo beneficiou dabondo aos nobres de Maceda.

O morgado fundado polo prolífico Pedro láñez de Nóvoa alicerzou á casa de Maceda. A mediados do século XVIII estaba conformado por media ducia de xurisdicións: couto de Alemparte con 8 veciños, xurisdición de Manzaneda de Limia con 395 veciños, xurisdición de Piñeira de Arcos con 113 veciños, couto de Reboredo do Cumial con 22 veciños, xurisdición de Vilamarín con 298 veciños e xurisdición de Vilaño do Campo con 244 veciños.

O conde de Gondomar, que tiña propiedades na contorna de Maceda, exhumou un documento capital para a nosa memoria colectiva. O nobre diplomático atopou na Real Chancelería de Valladolid un preito entre o fidalgo Xoán de Nóvoa de Maceda e o abade do mosteiro de Montederramo. O documento do que dá conta Diego Sarmiento de Acuña acredita o perfil autoritario e non apoucado do fidalgo de Maceda, que perxuraba -no galego dos Séculos Escuros- con verbas moi grosas, cando o abade lle dixo ao presidente do tribunal que lle amosase os documentos de posesión



das terras disputadas entre os dous:

E EU que título hey de mostrar mais que avelas herdado de meu Pay, e meu Pay de meu Abbó, e meu Abbó de nossos antepasados, que as posuíron dende que o Mundo foy Mundo. Vos, e San Bernaldo —que era da França-, e a Puta que Vos pariu, que tendes que Ver coa miña facenda por Uns poucos papés derrocadeyros que presentaes?

O conde de Gondomar descendía de Garci Fernández e de Maior Arias, os preceptores de Afonso X o Sabio, que mesmo estiveran residindo en Maceda co fillo de Fernando III cando tiña 11 anos de idade. As disputas entre Montederramo e Maceda seguiron máis aló do remate formal do Antigo Réxime. En 1863 procuraron fixar definitivamente os límites dos distritos municipais

coa liña divisoria da Serra de San Mamede, que se resolveu ao ano seguinte co acordo dos dous concellos.

Daquela o alcalde de Maceda era Melitón Rodríguez, que inspiraría fasquías en clave local da novela costumista *Don Porrazo* (1909) do presbítero ilustrado Manuel Vidal (que mesmo era neto seu).

No Antigo Réxime as parroquias do que hogano conforman o concello, estaban espaxadas nas xurisdicións de Maceda de Limia, Piúca, Bustavalle, Casasoá, Vilardecás, Arnuíde e Montederramo. Os señoríos pertencían ao conde de Maceda, Baños de Molgas, Vicente Prado, duque de Medina de Rioseco, conde de Monterrei, Encomenda de Quiroga, Xoán Losada e mosteiro de Montederramo.

O cuestionario para a freguesía de Maceda que fixeron os funcionarios do Catastro de Ensenada, leva data do 15 de novembro de 1752. O alcalde maior daquela na vila era Francisco Mosquera. Había naquel intre en Maceda 277 casas habitadas, 17 muíños fariñeiros, 5 curas, 1 cárcere público, 1 mestre ao que lle pagaba o conde o seu salario e “unha casa ou torre forte no sitio que lle chaman Monte da Torre onde vive o maiordomo do conde”. A freguesía aportaba, daquela, 77 reais e 16 maravedís de tributos reais.



BIBLIOGRAFÍA

APONTE, V.: (1534), *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*. Reedición. Xunta de Galicia, Compostela, 1996.

GÁNDARA, F.: (1662), *Armas y triunfos de los hijos de Galicia* [Ed. facsimilar, Nova Galicia Ed., Vigo, 1987].

LÓPEZ CARREIRA, A.: (1998), *A cidade de Ourense no século XV. Sociedade urbana na Galiza baixomedieval*, Dep. Ourense.

PROL, S.: (2002), *João da Nova, un mariño galego ao servizo da Coroa de Portugal*, Dep. Ourense.

PROL, S.: (2009), *Nobres vencellados ao Castelo de Maceda*. Difusora das Letras, Artes e Ideas, Ourense.

VIDAL RODRÍGUEZ, M.: (1909), *Don Porrazo o mi cubierto de plata*, Tipografía de la Revista de Archivos, Madrid.

A PRINCESA MOURA COXA (lenda)

Lucas Domínguez González

Contaba miña avoa que cando era unha pícara, nas noites de fiadeiro do Rodicio, os máis vellos do lugar terminaban sempre por contar a lenda da princesa moura coxa.

Disque os vellos explicaban a quen os quixese escoitar, e ao que non tamén!, que moitos anos atrás até o lugar que hoxe coñecemos como

“as Piniñas” acudía tódalas mañás unha rapaza de incomparable beleza para peitear os seus cabelos. Alí, sentada nunha das rochas desde as que se enxerga todo o Val de Maceda, botaba horas e horas mirándose no seu espello de ouro e sendo observada polos veciños do lugar, que mesmo estando acostumados a vela, non se atrevían a se lle achegar, pois

todos no Rodicio sabían que aquela fermosa rapariga era unha princesa moura.

Mais como dicían os vellos non todos os que van á feira compran nela, e do mesmo xeito tamén había un mozo que tódalas mañás pasaba coas ovellas e saudaba moi gostoso á moura. Co paso do tempo eses saúdos deron en amizade e a amizade, como sempre acontece nestes con-



**Peneda da Princesa moura coxa
(O Rodicio)**



tos, rematou en namoro. Os dous ficaban así contentos: el por conseguir namorar a tan rica e fermosa muller; ela por ter namorado ó único rapaz que ousara dirixirse a ela.

Un día chegou ós ouvidos do pai da princesa o que estaba a acontecer. Inmediatamente fíxolle saber ó mozo que lle quitaría a vida se voltaba a encontrarse coa súa filla, pois era vontade e disposición persoal súa, que a súa filla se comprometera cun rico príncipe mouro. Ademais, como el ben debía saber, os amoríos entre dous sangues, posicións e culturas

tan diferentes estaban prohibidos entre os seus.


Os dous namorados non fixeron caso e continuaron véndose tódalas mañás, entón o pai cumpriu a súa ameaza.

Cando a princesa comezou a botar en falta ó seu namorado toleou, quixo quitarse a vida e tirouse da peneda dos seus namoros embaixo, con tan mala fortuna para a súa alma, que só esmagou unha perna. Os mellores galenos do Reino non lograron salvar a delicada perna e a princesa perdeu o seu prezado membro. Nunca máis voltou ser feliz, nunca máis

voltou namorar doutro home e aínda hoxe, no lugar do Rodicio, se di que todas as mañás acode á cita co seu namorado.

É por iso que se vos achegades ata *“as Piniñas”* poderedes ver a peneda onde aínda continúa a sentarse a princesa moura coxa, e comprobaredes como de tanto pousarse naquela pena, a súa perna coxa xa tén feito un buraco na rocha para poder sentar ben cómoda... agardando polo único rapaz que ata hoxe se atreveu a falarlle.

Aquí tés axuda, por se queres ser o seguinte en falarlle á princesa moura coxa.



SAN MAMEDE (unha visión orográfica dende a súa atalaia)

A.C. AIRA DAS MANTAS

O obxecto deste artigo pretende concentrar a nosa atención neste espazo próximo e plasmar as observacións que nos poida proporcionar desde o punto de vista de orientación orográfica tratando de evitar, no posible os tecnicismos excesivos; xa que o autor, evidentemente, carecía da capacidade que o devandito mester requiría.

A serra de San Mamede, nomeada así mesmo como San Mamede, está situada no oeste ourensán que, nas súas prolongacións cara ó oriente, podería chegar a confundirse coa Cordilleira Cantábrica e os Montes de León.

Previamente, e a modo de descrición, ofrécese a locali-



San Mamede
e
Val de Maceda

zación, acompañada de pequenos retrincos históricos nos que se fai referencia a esta serra.



S. Mamede
(Santuario Os Milagros)

A orixe do seu nome parece darse por consensuado como causa da existencia dun anacoreta, que levou vida monástica nunha cova e alimentado por feras que acudían a darlle o seu leite a mamar. Tras a súa morte no ano 434 d. C. sostense que o seu corpo está nunha pequena ermida no

alto da serra que asumiu o seu nome.

Esta referencia sobre a asociación do nome do santo á alimentación láctea propiciada polos animais, descríbese xa no ano 1550 polo Licenciado Molina na súa “Descrición do reyno de Galicia”. Literalmente di: “toma esta terra nome do santo corpo que alí está: e nela fixo a súa áspera vida... como non lle coñecían comer doutro mantemento senón de leite de bravos animais que moi mansos a el viña: chamáronlle sant mamed”. “tamén notemos posto se me esquece a vida do santo mamed que mamando leite de brutos con isto xexuando fixo a súa santa e monástica vida que foi nunha serra ben alta e subida que esta como aquela que é xunto granada o máis dos meses do ano nevada por onde a súa vida é máis foi tida”.

A serra de San Mamede está intimamente ligada coa serra de Queixa, a serra do Fial das Corzas e as montañas do Invernadeiro.

A este conxunto denomínaselle Macizo Ourensán, máis amplamente encadrado



no Macizo Galaico-Leonés

Da propia serra de San Mamede a rede fluvial camiña cara a dúas concas moi definidas: a do Miño e a do Douro.

Á conca do Douro irá unicamente un río: o Támega. Despois de serpentear polos montes de Laza baixará ata o val de Monterrei e emprenderá o seu camiño cara a Portugal onde lle espera un caudaloso río Douro.

De modo indirecto, xa que terminarán achegando as súas augas ó río Sil, nas proximidades de San Mamede flúen os ríos Mao, Queixa, Navea e Bibej, xunto con outros ríos menores, coas súas profundas concas e achegando as súas augas para a posterior confrontación de encoros e que o Centro de Estudos de Ordenación do Territorio e Medio (CEOTMA) define como ríos moi evolucionados polo seu gran encaixonamiento e o poder erosivo.



Río Maceda

Quen si camiña directamente cara á conca do Miño é o río Arnoya e ó que, pola importancia da súa canle, dedicámoslle un pouco máis de atención.

O seu arranque tímido nas saias de San Mamede non lle permite aínda soñar que se vai converter, despois de 84,5 quilómetros de curso, no río máis longo da provincia de Ourense.

O Arnoya vai recibir rapidamente o achegue dos ríos que proveñen da prolongación de San Mamede cara ó nordés: río Maceda, Asadur e Tioira. Xa xuntos, todos eles, entran con todo vigor na poboación de Baños de Molgas.

Alí, vai recibir unha cálida aperta que provén da surgencia da "burga", que lle achega as súas augas de calidades medicinais que brotan do interior da terra; un caudal fiel á súa achega, soamente acalado cando as forzas da natureza se mostraron de modo sorpresivo. É famosa a interrupción que sufriu

a raíz do terremoto de Lisboa en 1755.

Desta interrupción temos testemuño emitido polo entón Corrixidor de Baños de Molgas, a instancia dos seus Superiores que foran requiridos polo Rei Fer-



Burga
 (B. de Molgas)

nando VI, que lle pedían informase as consecuencias do citado terremoto do 1 de novembro de 1755 (véxase nº 2 da revista Alcatruz, ano 2010, "O Terremoto de Lisboa").

Desde o alto, a Serra verá como o Arnoya irá alegrar as terras de Allariz para, posteriormente, velo adentrarse por terras de Celanova para finalizar engrosando as augas do pai Miño en límites xa do municipio que tomou como toponímico o seu mesmo nome.

Tampouco lle será estraña a visión da antiga Lagoa de Antela xa que observaría o nacemento do río Limia en terras compartidas por Sarreaus e Vilar de Barrio e que partirá cara a terras de Portugal.

Esta exposición, ás veces con licenza de relato, non pretende máis que fixar por un momento a atención nun fermoso espazo que presenciou a vida de moitísimos ourensáns e de moitas outras xentes que quedaron prendadas da súa beleza.

Unha beleza que nos foi

ofrecida con toda a xenerosidade e que, pola contra, non poucas veces padeceu as consecuencias de condutas non sempre ben intencionadas ou, sendo xenerosos, non sempre afortunadas.

Unha contorna que, moitos privilexiados como eu, podemos contemplar día a día no noso camiño de ida e volta á escola, ou desde os nosos múltiples espazos de xogo que o pobo nos propiciaba, ou nas excursións que o noso val nos ofrecía, ou aquelas escapadas ó Castelo de Maceda en busca de sabe

Deus que imaxinacións.

Unha montaña ás veces próxima, por momentos moi afastada, pero sempre maxestuosa.

Unha montaña que, para completar a súa historia, tamén propiciou lendas ou misterios.

Lendas como a do santo anacoreta que lle deu nome ou misterios como o do famoso "Facho do Castro" (enigmática luminiscencia observada na metade da serra na contorna do pobo de Cas-

tro de Escuadro) que foi relatado e estudado por D. Francisco Conde-Valvís e deu lugar a observacións, a sobrecollementos, a dúbidas e polémicas sobre a súa orixe e que permanece nun limbo de indefinición que o mantén no espazo do non explicado. A principio dos anos 60 deixou de ofrecer a súa misteriosa luz.

En fin, unha serra por descubrir e por gozar e sempre disposta a acoller a quen se dispoña a impregnarse da súa beleza.



Serra San Mamede
(Altit.: 1618 m.)



O TRAXE TRADICIONAL DA MULLER GALEGA

Mercedes López Pascual

Non é doado atopar moita información sobre como vestía a xente en Galicia ao longo da historia, para iso deberíamnos remitir ós escasos gravados ou fotos de finais de s. XVIII.

Outra das dificultades coa que nos encontramos ó abordar este artigo é o illamento das poboacións o que dificulta unha xeneralización do tipo de vestimenta, de aí que nos centraremos, especialmente, na historia máis recente do noso val.

Pois ben, comezaremos por unha das materias primas imprescindibles no traxe tradicional galego, o liño. O cultivo deste no noso val tivo unha grande importancia durante todo o século XVIII e primeira metade do s. XIX, caendo o seu cultivo a partir dos anos 50. “...*Un feito que así o demostra é que viñan os*

castelás por el con grandes reutas de mulos por a súa cualidade.” (“*Viaxe a Galicia*”, Padre Feijoo).

Seméntase no mes de abril e recóllese no mes de xuño, someténdose posteriormente a un proceso de secado, trillado, peiteado, etc., para rematar co seu fiado.

Este, tiña lugar durante as longas e escuras tardes de inverno en que as mulleres fiaban ó tempo que ían entoando distintas cantigas e, como non tamén marcándose algúns bailes. De aí xorden os FIADEIROS, a onde acudían os mozos a facerlles as beiras ás mozas. O lugar en que se realizaban estes labores, como a esfolia do millo, eran as cortes onde a calor dos animais axudaba a pasar os rigores do inverno.

E xa poden imaxinalo: “... parada ó candil e as mans por baixo do refaixo sen que

a nai puidera velo”.

Estou por asegurar que en moitas das casas, normalmente nos faiados, se atopan os teares que se empregaban para o tecido das teas que finalmente servirían para facer a roupa da xente.

A vestimenta, por suposto, ía acorde coa climatoloxía e mais co poder adquisitivo da xente e foi evolucionando coas melloras que trouxo consigo a industrialización.

A roupa elaborábana, nas mesmas casas, as mulleres, as costureiras ou os xastres que ían de casa en casa coa súa máquina de coser.

O traxe de faena que usaba a muller non tiña adornos. No verán usaban sombreiro de palla. As “Pezas” que o constituían eran estas:

POLOLO.- De liño. Prenda interior de cor branca ata de-



baixo do xeonllo que axustaba con lazos de cor. Segundo o estado da muller: viúva (negro), casada (branco), solteira (vermello).

ENAGUA.- De liño branco con moito voo. Dependendo das zonas ía máis ou menos adornada con puntillas, feitas con labor de gancho ou en-



caixe de palillos dependendo do poder adquisitivo da xente. Tamén podía levar lazos de cores como os polos.

XUSTILLO (CORPIÑO).- Feito de lenzo grosso e con baleas. Cinguido con cordóns

por baixo dos peitos. Esta prenda pasou para fóra e é o que se chama chaleco.



REFAIXO.- Feita con lá, era unha prenda de abrigo para usar no inverno. Podía ser enteiro ata os nocellos ou ben dende a cintura ata os xeonllos.



A CAMISA.- De liño fino, sempre branco. Prenda sin-

xela con escote. Sen mangas, Ata os xeonllos e rematada con puntillas ou un remate simple.



CAPA.- Feita de lá ou liño. Prenda de abrigo.

CHAMBRA.- O que hoxe entendemos por camisa, unha prenda exterior frouxa con manga larga e con escote a caixa ou con tira, pero sempre pegada ó pescozo.



Capa
e
Chambra

SAIA.- De lá ou liño, normalmente de cores utilizando



segundo o que tiñan na casa. Prenda exterior con moito voo e longa ata os pés.

MANDIL.- É a prenda que cubría todas as demáis, variando a forma dependendo do seu uso.

O usado na casa, cubría case toda a saia por diante, podendo levar golpeo con dous petos grandes a cada lado.



Saia
e
Mandil

O que se usaba na rúa tiña adornos, lucindo puntillas e cores segundo o seu poder económico. Era máis curto que a saia.

CHAQUETA.- Feita con pano de lá, pero o normal era que fose de lá tecida con

agullas. Tamén podía ser de corte.



FALDRIQUEIRA.- Bolsa de liño ou lenzo cun peto no que se gardaban os cartos e/ou cousas de valor e ía escondida debaixo da saia

CALZADO.- Chancas de pau e coiro no inverno e alpargatas de esparto no verán.



PANO.- Os tecidos eran de liño, algodón e mesmo de seda para os domingos. Cu-

bría a cabeza, de tons escuros no inverno e claros no verán.

MANTÓN.- Era sempre feito de lá, con forma cadrada de 1,5 m².



MEDIAS.- Feitas de lá, polas mulleres da casa, con cinco agullas. Acostumaban a usar a lá das ovellas negras para non ter que tinguilas.

CALCETÍNS OU CARPÍS.- Eran do mesmo tecido que as medias e facíanse de igual forma.

POEMAS

Antonio Capilla Loma

DEZ QUILÓMETROS

Vimos do Castelo de Maceda...
camiño abaixo, costa do Toural,
Lúa viu unha miúda
e nos seus ollos xermolan bolboretas
que cara á nena voaron para ollala.
Bolboretas de luz que van voando,
bolboretas de luz... bolboretas de luar.

- *Eu sonche meirande, non ves? (a nena exclama).*
- *Canto pesas? (pregúntolle).*
- *Eu pésolle dez "quilómetros".*
- *Daquela, Lúa é meirande ca ti: corenta e cinco quilos pesa.*

Bolboretas de luz na ollada,
a cadeliña séguenos mansiña;
bolboretas de luz nas pupilas
da nena que voa me estremecen.

Entrementres, eu fico a contemplar
dúas vidas inocentes.

E perante o vivir incerto
da existencia feble e continxente,
aflora entre os meus beizos
un sorriso aberto
e síntome tranquilo e acougado.

Tradución: Xavier Frías Conde



GALICIA

Na carne da túa carne soñábate...

E viñen a ti.

Coma unha eixada que golpexa o teu seo

Para que mane leite e mel,

Ti chamabas por min...

e eu viñen.

E antes de acariñar a túa pel oceánica,

De presentir sequera o tacto duro

Do baril Atlántico,

Antes de ollar o verde dos teus campos,

De sentir o pálpito

Da Natureza que te enche,

Dos cantis encostados

Onde medran o breixo e a camariña...

Antes aínda, digo,

De coñecer o teu froito máis fermoso

Que é sangue do teu sangue,

Do mar e da terra,

Do sol e da choiva...

Sentíame unido

Como a luz ao día

Á moi nobre estirpe da túa xente.

E busqueite nos teus bosques vizosos

Onde moran a lontra e o falcón,

O lobo e a xineta,

O raposo e o azor,

E o lagarto verde como a túa face

Baixo a choiva irisada de luz...

E soñeite nas túas pedras unxidas

De mosteiros, templos e santuarios;

E nas danzantes troitas dos teus ríos;

E en aguias, vencillos e gaivotas;

E en alciprestes, maceiras e castaños;

E en hortensias mestas

De vales melancólicos riseiros...

E aprezo as túas colleitas

Gábome dos teus gandos.

E axoénllome para tocar a túa pel,

Para beber a auga das túas fontes

Como o gato ou a lebre,

O bufo ou o pardal,

Ou o fero xabaril

Desconfiado e céltico.

Eu pousei unha mirada infinda

Nas túas rías palpexantes de cósmicos late-

xos,

Nos teus parques naturais,

Nos teus célticos castros

De existencia granítica e perenne.

E biquei castamente o teu chan

Salferido de menta e herba moura

De eucaliptos e toxos

De fentos e bidalos,

De silveiras e romeus...

Eu, coma un peregrino do Medievo

Que, tremendo de amor se achega ao cálice,

Bebín o sangue máis prezado

Do Graal da túa fermosura...

E renacín en ti:

Firme como unha rocha,

Cósmico coma o luceiro da alba,

Luminoso coma o Camiño de Santiago,

Esplendoroso coma a estrela miña,

Telúrico coma o meu amor por ela,

Perenne coma ti,

Galicia.

Tradución: Ramón Caride Ogando

FERNANDO EULOGIO QUIROGA PALACIOS

“O CARDEAL”

(Maceda 1900 - Madrid 1971)

A.C. AIRA DAS MANTAS

Hai moito que falar da grandeza de este persoeiro que xogou un papel tan importante na historia da Igrexa galega do século XX. Existen centos de publicacións sobre el, nas que se salienta a súa obra, mais nós imos relatar aquí unha breve biografía deste macedán, ó tempo que faremos unha reseña especial, de cómo nos honrou con distintas visitas e dos recoñecementos que o pobo de Maceda tivo con el.

O 21 de xaneiro do 1900 nace en Maceda, na casa Cuartel por entón, pois o seu pai era cabo da Garda Civil,



Casa natal
(Maceda)

Fernando Quiroga Álvarez e a súa nai Teresa Palacios.

Era o menor de seis irmáns e cando aínda non cumprira os dous anos de idade, morre a súa nai, sendo a su irmá de 14 anos quen desempeñaría este papel.

Comeza os estudos en Ourense: primeiro nas Carmelitas e despois nos Maristas, acadando nestes a súa formación primaria. Logo entra no Seminario de Ourense, destacando por ser un alumno moi avantaxado e disciplinado. É nesta época de estudante cando empeza a demostrar o seu espírito galeguista mediante a composición de varios poemas en galego.

No ano 1922 é ordenado sacerdote e logo nomeado párroco de Campobeceros, municipio de

Castrelo do Val. Alí os paisanos acaban por apreciálo moito dada a súa bondade, humanidade, xenerosidade e grande labor que levou a cabo. Compaxina o seu traballo de sacerdote cos seus estudos de Teoloxía, mais pronto o Bispo de Ourense reclámao para que exerza as funcións de ecónomo na parroquia de Santa Eufemia do Norte (Santo Domingo) en Ourense.

Neste mesmo ano nomean bispo de Ourense a Monseñor Florencio Cerviño. Con tal motivo, celébrase no Seminario unha festa na honra de Monseñor, na cal D. Fernando se emociona ó recitar un poema composto por el mesmo:

*Yo soñaba que, estando en la iglesia,
de penumbras y silencio rodeada,
al Señor de los cielos pedía
un santo Prelado
que fuese un gallego
que fuese muy sabio,
que en la luz de sus ojos se viese
[la luz de los Altos.*



Logo, cando se achega a saudar ó Sr. Bispo, amósalle a súa ledicia polo feito de que houbera na diócese un bispo galego. (Seguramente non nos trabucariamos ó pensar que este estaba moi lonxe de imaxinar que algún día el sería coñecido co sobrenome de “O Cardeal” de Galicia).

O labor que realizou na parroquia de Santo Domingo foi admirable. Nese tempo, hai que dicir que dependían de dita parroquia algúns barrios que se consideraban marxinais e moi problemáticos. Foi antes da guerra civil, a maioría dos seus habitantes eran moi humildes, obreiros e de esquerdas, pero isto ó noso ilustre persoeiro non lle influía en nada, ó contrario, volcouse con eles. Naquela época a actividade dos partidos de esquerdas estaba centrada nos mencionados barrios. Eran momentos moi difíciles, reinaba o anticlericalismo, pero el, soubo cómo gañarse a xente, fose da ideoloxía que fose.

Grande amigo dos galeguistas da época, como Vicente Risco, López Cuevillas, Otero Pedrayo, Ferro Couso, etc. Mantiña tertulias con eles, alentaba a todos os membros da Xeración Nós a seguir cos seus ideais. Por frecuentar estas amizades e participar en ditas tertulias

tivo serios desgustos, pois os seus superiores pensaban que el reivindicaba a Autonomía, pero o único que quería era demostrar o seu incondicional amor a Galicia. Publicou, tamén, artigos nas Revistas *Nós* e *Logos* que asinaba co pseudónimo de F. Pazos.

Corría o ano 1942, cando lle comunican o seu traslado a Valladolid, onde foi cóengo e exerceu tamén de profesor. El vaise pero non pode esquecerse da súa Galicia. Estando en Valladolid foi nomeado bispo de Mondoñedo, o 30 de novembro do 1945 polo Papa Pío XII. Ó enterarse o pobo de Maceda deste nomeamento, desprázase a Valladolid unha representación do Concello para acompañalo na cerimonia que se celebra o 24 de marzo de 1946. Agradece á xente da súa vila natal, que estivese a carón súa nun momento tan especial.

Anos máis tarde, en xullo do 1949, é nomeado arcebispo de Santiago. Entón, o Concello de Maceda decide en sesión plenaria, por

unanimidade, nomealo Fillo Predilecto da Vila. O devandito nomeamento foi realizado en pergamiño e foille entregado o 11 de decembro do 1949, día da súa toma de posesión, en Santiago de Compostela. A Deputación de Ourense, ese mesmo ano tamén o nomea Fillo Predilecto da provincia de Ourense e ó recibir dito nomeamento di:

- ¡Jesús, de Hijo del Padre bajó a Hijo del hombre! ¡Yo, de hijo de Maceda subí a hijo de la Providencia!...

O día 30 de maio do 1953, Maceda réndelle unha home-



**Casa do Concello
 (Maceda)**

naxe e unha comitiva diríxese ó Alto del Couso para recibilo e unha vez lle dan a benvinda continúan a viaxe para Maceda; ó chegar é aclamado polos veciños, deseguido entra na igrexa e bendi ós presentes. Logo, máis tarde

rosa homenaxe.

O 3 de xaneiro do 1960 chega á nosa vila o teléfono, motivo polo cal o noso concello tivo a ben convidalo para que fora el quen o inaugurara, invitación que para nada declinou, todo sexa dito de paso.

O 6 de setembro do 1969, trasládase ó santuario dos Milagros, para a inauguración do novo colexio dos Padres Paúles. Mais, por expreso desexo del, a comida celebrouse no colexio, das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl, Virxe Milagrosa en Maceda, a pesares de que os Padres Paúles dos Milagros fixeron o imposible, porque o xantar se celebrase no entorno do santuario, pero el fixo valer o seu empeño e dixo que comía no pobo onde nacera.

Como galego que era, sentía a súa Galicia e empeñouse en que a Igrexa galega non falase só en latín ou en castelán e incorporou o idioma galego na liturxia, sendo o primeiro en celebrar a misa en galego. Por este

motivo tivo moitos problemas co Vaticano, pero foi contundente e non parou ata que se editou un misal en galego e se utilizou na liturxia o noso idioma. A pesar das moitas críticas que tivo, por parte das autoridades, o día 15 de xullo de 1971 celebra a primeira misa en galego.

Sempre defendeu os emigrantes e a súa terra. O seu amor por Galicia sempre se viu reflectido en calquera homilía, discurso ou carta pastoral e non toleraba que ninguén menosprezara a Galicia e ós galegos. De aí que cando alguén lle propuxo que apadriñase unha "cruzada" para que desaparecieran certos "defectos" do modo de falar dos galegos (como así os denominou), lle preguntou:

- ¿Cuáles?

Entón o interlocutor díxolle:

- *Ese costume de facer unha pregunta antes de dar unha resposta.*

Ó que contestou:

- *Non rapaciño non, iso non é un defeuto, iso é buscar a seguranza!*

Promoveu campañas de excavacións arqueolóxicas na Catedral de Santiago e creou o "Instituto de Estudios Jacobeos" así como a revista Compostellanum. Tamén, foi Membro de honra da Real

Copia de una carta del Sr. Cardenal agradeciendo las atenciones que se le han dispensado en Maceda (Orense), el 30 de Mayo de 1953, día que efectuó su visita oficial al pueblo de su naturaleza.

«Santiago, 6 de junio de 1953.

Sr. D. José Antonio Rey Formoso, Alcalde de Maceda.

Muy apreciado en el Señor:

Recordando todavía con íntima satisfacción el magnífico homenaje por ustedes organizado, y en el que el pueblo de Maceda tan grandes muestras de afecto me dió, quiero reiterar a usted mi profundo agradecimiento, rogándole haga presentes estos mis sentimientos a sus compañeros de Corporación y a los vecinos de esa querida villa.

Al mismo tiempo, me es grato renovar mi ofrecimiento de pedir siempre al Señor por la felicidad y prosperidad, tanto general como particular, de todos los macedanos.

*Afectuosamente en Cristo le saluda y bendice
FERNANDO, Cardenal Quiroga y Palacios, Arzobispo de Santiago de Compostela.»*

trasládase ó Concello onde recibe ós nenos de Maceda e descobre unha placa na súa honra.

Con data 6 de xuño do mesmo ano, o Sr. Cardeal manda unha carta de agradecemento ó Alcalde pola calo-



Academia Galega.

O 7 de decembro do 1971 morre en Madrid, a onde fora a unha xuntanza da Conferencia Episcopal.

Toda Galicia chorou a súa morte, pois foi un dos homes que máis fixo pola nosa terra.

En Maceda, ó saber da triste noticia, inmediatamente se formou unha comisión para ese mesmo día levarlle a Santiago unha coroa de flores, -segundo relato de Manuel López Mariño "Nenacho". Ó chegar aló, onde o estaban a velar, non os deixaban pasar a depositar a coroa ó pé do cadaleito, pero ó dicirlles que eran de Maceda retiraron outras flores para poñer diante de todo a coroa que lle achegaban dende a súa vila natal.

Foi soterrado na catedral de Santiago ó pé do Pórtico da Gloria. O enterro foi multitudinario e unha considerable representación de Maceda acudiu ás súas exequias.

Alvaro Cunqueiro, grande amigo del na súa época de bispo de Mondoñedo, amizade que seguiu a conservar a posteriori, di o día do seu finamento: "As chirimías teñen a música do choro máis antergo. É que foi o gran Cardeal de Galicia, é a figura máis sobranceira da igrexa



Lápida
 Catedral Santiago

galega deste século. Xunto con Xelmírez e os Fonseca, a súa sombra proxéctase sobre unha terra que amou profundamente"



Por último, o día das Letras Galegas de 2008, a Sociedade Filatélica e Vitofílica Miño de Ourense elixiu a vila de Maceda, concretamente o castelo, para a presentación dun selo editado na honra do noso fillo predilecto.



CANTIGAS POPULARES

Amalia González Otero

Luis Del Campo Prol



Que pronto nos esquecemos
do feliciños que fomos,
xogando ó preso e ó marro
e ás casiñas no Souto.

Ó marro e ós tres mariños,
ós mestres e ás casiñas,
xogan os nenos de Calvelo
polo día e ás noitiñas.

Os neniños de Calvelo,
xogan ó tren polo pobo,
os cadelos tamén van
detrás dos nenos no xogo.

E para xogar en Calvelo,
usábase a creatividade,
un era o coche, outro o tren
e outro o fillo da chiba.

Como din os andaluces,
non había ná de ná,
nin coches nin maquinias
para xogar toda a mañá.

Xogade nenos, xogade,
que o tempo pasa voando,
cando pase por aquí
que vos encontre xogando.



Cantiga infantil
recollida por
Amalia González Otero



*Oleiro da miña terra
oleiro do meu lugar
fai-me unha ola feitiña
para ir á fonte mañá.*

*A roda do cacharreiro
non che é como a de afiar
anda sin faguer chispas
e sin siquera fungar.*

*As mociñas de Tioira
van á fonte a por auga,
e, mentres o xarro se enche,
elas parla que te parla.*

*En Tioira roxen cachos,
en Cimadevila as olas
e, en chegando a Sarreaus
é a flor de nosas todas.*

*María se vas ó leite
mércame o meu,
que tén tona,
que unha pingadiña sola
éncheme o xarro e a ola.*

*Ola, pucheira e xarro
xúntanse na fontela,
e o porrón e o canabarro,
e non che hai cousa coma ela.*

*Todos los de Tioira
llevan en el pantalón
una manchita de barro
que me roba el corazón.*

Cantiga dos Oleiros de Tioira
recollida por
Luis Del Campo Prol

AS CONSTRUCIÓNS ADXECTIVAS: XARDELA, o derradeiro bastión

Luis Del Campo Prol

A relación entre o home e as abellas e o aproveitamento das colmeas salvaxes posiblemente téñen o seu comezo nos albores dos primeiros homínidos. Na Cova da Araña, no Abrigo de Cerro, en Valencia xa aparecen mostras da recolección do mel, concretamente unha muller. Esta pintura rupestre data de hai 10.000 anos.

A apicultura estendeuse polo Mediterráneo, de clima cálido e grande diversidade de flora, e dende aquí ata América no século XVII. Este florecemento promoveu novas técnicas tanto de explotación como etnográficas.

Ó parecer, xa a finais do



Colmeas

Neolítico, houbo intentos de manexar as abellas elaborando colmeares con materiais vexetais e mesmo pel de animais, poñéndoas en lugares favorables para elas.

Aínda non hai moito, nas montañas aragonesas, se facían con lixeiras arnas (vasos de colmea) rupestres.



Colmea

Estes intentos de agrupalas e metelas en caixóns non era máis que para a comodidade de ter acceso ó mel e á cera da abella. Son os primeiros pasos para a "domesticación" das abellas o que levou á construción dunha diversa tipoloxía para defendelas dos depredadores naturais e mais climatolóxicos, como sucede



Cortiza

no noso val do MEDO onde a climatoloxía é rigorosa durante boa parte do ano.

Temos que pensar que o mel, de sempre, tivo unha considerable importancia como remedio caseiro tanto para uso tópico (por exemplo, nas mazaduras) como para medicamento (especialmente nos catarros) e non só nas persoas senón tamén nos animais. Era habitual que cada casa tivera unha ou varias colmeas e como calquera outro tipo de gando, as casas máis pudentes eran as que tiñan as colmeas máis grandes.

Había pobos/lugares nos que estes asentamentos eran de uso comunitario, é dicir de varios veciños -como poderían



ser as airas de mallar ou os asentamentos de cabaceiros ou hórreos-, e onde cadaquén podía ter máis ou menos colmeas, pero cada un collía os panais das súas colmeas.

O mel carretábase a primeiros de setembro transportádo dentro dunha grande pipa onde se puñan os panais para ser espremidos.

Así pois, en cada pobo, ben entre as casas ben ás aforas existían asentamentos de colmeas en perfecta convivencia coa xente, como se de calquera animal doméstico se tratara.

Os cerramentos dos colmeares eran de paredes de 1 m., máis ou menos, de pedra con ou sen porta de entrada para que os animais non puidesen penetrar.

De moita sona no noso val eran o colmear do Tío Enrique en Xinzo da Costa, que contaba a mediados do século XIX con máis de 200 cortizas; os colmeares do río, entre Castro de Escuadro e a Teixeira e o colmear de Xardela, no río Pequeno que separa as terras de Castro e Arnuide, Bascós, Santirso...

Neste pequeno artigo, dado que falar das abellas sería longo de máis, centrarémonos nunha única e fermosa no noso val, o colmear de Xardela ou do Bobillo, que é como se coñece.

Pois ben, este nome provén, ó parecer, de quen foi o seu primeiro dono coñecido ó cal lle foi mercado por Bobillo de Maceda e despois por unha persoa de Arnuide.

Os asentamentos das col-

meas cómpre facelos en lugares sen fríos nin correntes, pois calquera destes factores son prexudiciais para as abellas. Os mellores sitios son na parte baixa dos vales para que cando saian na procura da comida voen con fiabilidade cara ós outeiros e logo baixen cargadas.

Isto é o caso do colmear de Xardela, asentado á beira do río Pequeno nunha fermosa corga chea de castiñeiros milenarios, carballos, salgueiros e todo tipo de vexetación autóctona. Unha corga fonda e abrigada onde as placas teutónicas que ergueron San Mamede se xuntaron dando lugar ó afloramento de grandes paredes de lousa coa que se fixo este colmear, usándoas tamén para chan dos cortizos e como tapadeira deles.



Colmear XARDELA
cerramento



Colmear XARDELA
parede lousas remate



Cortiza

A 6 ou 7 metros discorre o regato, esvarando polo chan de lousa á sombra de bidos e carballos. Concretamente, esta construción circular tén,, aproximadamente, uns 10 m. de diámetro por uns 2,30 m. de alto e cuns grosos de parede de 80 cm. Está feita co material do entorno que son as lousas, asentadas unhas por riba das outras. Armonicamente postas e perfectamente conxugadas conforman unha sólida muralla rematada por grandes lousas que sobresaen do resto, o que nos



Panais

leva a pensar que para para movelas farían falta dous homes dado o seu enorme peso (podendo chegar a sobrepasar estas os 150 quilos).

Esta abigarrada construción constitúe para as abellas non só unha defensa contra a climatoloxía senón tamén - como dixemos anteriormente- contra os animais como o oso, o raposo e outros que gostan deste manxar que é o mel. A conto disto, cabe dicir que, de



Colmeas

feito , o derradeiro foi ferido nos colmeares do río entre Castro de Escuadro e a Teixeira cara a finais do s. XIX finando no alto da serra.

A porta, nos colmeares en que a había, era de dimensión pequena pois ésta dificultaba así ó máximo o seu derribo por un animal, que ó ter que erguerse para facer máis forza o facía cáseque imposible

No que se refire ó porqué



Panais

da súa tipoloxía (circular e non cadrangular ou rectangular), suxire unha orixe prerromana emparentada coas construcións castrexas propias da nosa serra; aínda que tamén pode levar a pensar que este tipo de construción xera menos sombras que unha de paredes rectas e é máis difícil de escalar.

Dentro do colmear pode verse como están feitos os aterraxamentos, aproveitando o declive do terreo, e espaxados por el os distintos ti-



Abellas entrando en colmea



pos de colmeas colocadas sobre unha base de lousa e, concretamente, as cortizas cubertas cunha ou dúas lousas, constituíndo un illamento para o frío e a humidade



Colmeas (distribución)

fixo das súas, mais a conservación é bastante boa, dentro do que cabe.

Por último, dicir que, polo de agora, non teño coñecemento doutra construción con esta tipoloxía no val do Medo.

e facilitando o desprazamento das abellas.

Pode verse nas distintas imaxes que o paso do tempo

esta tipoloxía no val do Medo.



Colmea XARDELA (panorámica)

NO VAL DE MACEDA

(Parroquia a parroquia)

SANTIRSO, a vila da Serra

José Manuel Pascual Ramos



Santiso localízase a media altura na aba leste da depresión de Maceda. O seu deseño urbano é de tipo aldea pechada, de hábitat concentrado e trazado irregular, con construcións unidas por medianeiras e en ocasións por pasadizos aéreos que dan acceso a airas lousadas, no cruzamento e ao longo de dous antigos camiños, Xinzo da Costa (Escuadro) e Vilar de Cás e Barxela a Xestosa, que fixan os dous eixes principais do lugar, que encerran prazas (airas) e estreitas corredeiras secundarias. Tal urbanismo suxire un

asentamento propio de colonización medieval e de deseño que axuda a soportar duras climatoloxías. As xentes que deron vida ao lugar eran labradores dedicados fundamentalmente ás actividades agrarias de traballo do centeo, millo ou trigo, patacas e gando. O cruzamento de camiños localizaba unha grande concentración de tabernas a finais do XX, unha delas a tenda, estanco e central telefónica.

A calidade das construcións.- Diferenza de forma clara, as do eixe Xinzo-Barxela do superior e máis organizado centro Santiso direc-

ción Escuadro, que localiza a casa do Priorado e desemboca na Igrexa parroquial.

Con todo, apártanse do anterior esquema as construcións de finais do XX, e a máxima calidade de obra da singular casa grande localizada ao S e límite do pobo, chamada a casa do cura, de inicios do XX, a propia igrexa parroquial do XVII, así como en xisto a casa convento do antigo priorado de Xunqueira de Ambía, probablemente próximo ao 1600.

Os materiais básicos de construción de vivendas e





anexos son esquisto-louseiros (xisto), entre os que se intercalan anecdoticamente cuarcitas e mesmo gneises, todas elas rochas metamórficas procedentes da contorna da poboación, que definen cores ocre, óxidos e azuladas pintadas dalgún branco. Tales elementos construtivos determinan unha paisaxe moi diferenciada das arquitecturas das poboacións da conca de Maceda, a excepción das veciñas Escuadro e Castro.

A tipoloxía de vivenda.-, Aínda resisten algunhas de deseño oval primitivo, dunha soa planta cun único acceso e sen ventás ou mínimos ocos de ventilación, que suxire unha ausencia de división interior, en xeral son de planta máis ou

menos rectangular de dous andares, planta baixa (planta terrea), propio piso e faiado, con acceso na maioría de vivendas por medio de escaleiras de pedra e madeira rematadas en amplos corredores de madeira de bandas horizontais, algúns de formas verticais ou pintados e outros de ferraría, que en ocasións aparecen pechados con taboleiros usados como sequeiros. Algunhas casas exhiben amplas bufardas, mesmo con bal-

cón.

A planta baixa era ocupada polo gando (corte), onde tamén se gardaba o carro e trebellos de labranza, sendo destinada a primeira planta a vivenda propia coa súa cociña, sala e cuartos anexos.

No ámbito xeográfico de Santiso domina a formación xeolóxica metamórfica cámbrica (rochas de hai 400 millóns de anos), que implica o uso de xistos en paredes e tellados (lousas), pero con uso de granito hercínico (de dúas micas) de áreas próximas como Xinzo, en esquinais do edificio e lumieiras, soleiras, tranqueiras e xambas (agullas) de portas e ventás, material que contrasta co dos peches, dando un suxestivo aspecto á obra.

Tamén hai casas de grani-



Casas con balconadas



Filitas
e
granito

to (pedra de gra) que permite construcións de grande solidez achegadas por paramentos levantados con cachotería (pedra non labrada ou só por unha cara) concertada, composta de pezas irregulares máis ou menos prismáticas de similares dimensións, colocadas en filas horizontais, en seco ou encintadas, e reforzadas con grandes pezas de cantería nas esquinas. Así mesmo está presente a construción de perpiaño, aínda que



Encintado Roseta
e
dentes triangulares

Os vans, escasos e de regular tamaño, limitanse a unha porta carral de dúas follas, unha ou dúas ventás que dan ao corredor ou fachada no piso. É de sinalar, treitos ocios horizontais (bufardas) a nivel de planta, que son ventanucos de ventilación de cortes.

Os tellados adous, tres ou catro augas en función das dimensións e características do edificio, prólonganse

son menos numerosas, que aporta unha arquitectura máis acabada, pero é moito máis custosa que a de xisto.

para cubrir o corredor e manteñen un beirado ao longo das súas fachadas apoiado en prolongacións dos pontóns.

As cubertas son de tella do país, curva, rematadas ás veces no beirado por lousas.

Nas casas, o pobo mostra abundante ferraxe, tanto en peches como en balcóns. Consérvanse hórreos de madeira, de tipoloxía común a toda a rexión.

Decoración.- Muros de



Casas
con
balconadas

obra vista, pero tamén encintados sen ningún revestimento posterior. O encintado de barro recebado, posteriormente caleado, e en ocasións con debuxos a nivel do primeiro piso feitos con cal, contornando ocios (ventás, portas) ou mesmo sobre a propia pedra.

Apréciase nalgúns casos realce de ocios, ventás e



portas, con liña engrosada ou ornato de serra de dentes retos ou semicirculares, así como a rechamante flor hexapétala ou roseta de apreciable tamaño e colocada en lugar significativo da fachada (Figura de carácter protector, case sempre de significación celeste/astrol, que quizais exprese a esperanza na inmortalidade. Dise que era un amuleto contra bruxas e mal de ollo).

Casa grande, catalogada de inicios do XX, de gran valor arquitectónico. O seu estilo é barroco, sobrio, de liña sinxela. De considerable superficie construída, 710 m², planta rectangular, baixo, planta nobre e grande bufarda, as súas fachadas son de muro de perpiaño, dúas galerías laterais con arcos sobre ménsulas gravadas, unha notable escaleira de pedra de acceso ao piso, varios balcóns sobre ménsulas torneadas.

Rodean a casa edificacións auxiliares, palleiros, e un terreo duns 2.500 m² que inclúe un hórreo de madeira, tipo país, en perfecto estado. Noutro tempo a propiedade anexa era considerable, hoxe, aínda se acompaña dun terreo de cáseque 1 ha.

Foi construída por Victoriano Carniceiro, cultivado fahcendado de grande capital no pobo e contorna, co traballo de canteiros de Pontevedra que deixaron boa mostra do seu bo facer, tanto no perpiaño como nos baixorrelevos que decoran as medidas da entrada carral



Casona do cura

consistentes en símbolos solares (sigmoides), roseta hexapétala e xeométricos.

É de contar que o fillo do fahcendado foi o cura de Santiso, Ángel Carnicero, arquetipo do cura rural vividor e cazador.

Os signos sigmoides.- Igual que as rosáceas, pertencen á simboloxía vinculada ao Sol e consisten en arcos ou rectas en L, unidas no centro e sempre orientadas nun

mesmo sentido. Con moitos máis brazos, chámanse esvásticas flamíxeras (Radial). A este conxunto pertence o trisquel, moi asociado hoxe coa cultura Celta e, de feito, este signo é moi frecuente en moitas e máis antigas culturas. Con todo, os canteiros gravarían como só un elemento decorativo máis.

O inconsciente colectivo reflicte os seus mitos nas carautas dos felos de Santiso, como se ve en tres que corron e corren moitos Entroidos:

A serpe en dúas delas, a curuxa nas tres e o curioso ollo que todo o ve (Deus?) figurado de dúas formas en dous. Son propiedade da familia Carnero que poida que asine coa súa figura nunha delas.

Casa do Priorado.- Antiga sede do Priorado de Xunqueira de Ambía, construída con muros de xisto, de planta rectangular con baixo e piso,



Carautas Felos



**Ménsula
(Casona do cura)**

asentada nun recio muro de dobre e ancho chanzo. O seu volume está ben escadrado e todos os ocos presentan gornición de granito, mostrando na fachada mellor conservada un grande balcón sobre tres ménsulas na primeira planta, que por outra parte non evidencia outro oco nin cegado dalgún outro anterior. Na planta baixa ábrese tres bufardas e os muros testemuñan unha grande calidade de construción con todos os bloques de xisto perfectamente encaixados e igualados.

Din que a casa foi un antigo convento, pero a falta doutros datos, por agora o catas-



**Antiga sede Priorado
de X. Ambía**

tro de Ensenada de 1752 só reflicte un cura, aínda que claro, non menciona a mínima criada ou mesmo unha familia de caseiros. O edificio non creo fora pois tal convento, aínda que non se nega que en tempadas houbera máis dun relixioso.

Coa exclaustración e posterior desamortización o edificio pasa a mans privadas. Actualmente contan que a casa está dividida entre tres propietarios.


Igrexa parroquial de Sta. Maria de Santiso, unha sobria obra do s. XVII sen decoración exterior. De estilo difícil de encadrar aínda que máis ben de raíz prerrománica, onde a beleza queda suplida pola coherencia formal; de formas simples que presenta unha disposición basilical elemental clásica dunha soa nave rectangular e presbiterio de trazo cadrado. Consta dunha única nave de mínimo ocos con cuberta de madeira. A porta é de arco de medio punto formado con doelas pronunciadas e a fachada insinúa un estraño rebaixe baixo o estilizado campanario.

No interior, sobre a entrada sitúase unha tribuna de madeira, tradicionalmente lugar

de acomodo de homes, e no altar destaca un retablo barroco presidido pola figura do Doce Nome de María, e noutros dous laterais a Virxe do Carmen e San Roque.

Outras figuracións son San Antonio de Padua, o Sagrado Corazón e a Purísima.

A excepción da patroa, os



**Igrexa
parroquial**

outros deben provir de disposicións particulares de párrocos.

A obra presenta unha típica igrexa da arquitectura popular galega, esvelta espadaña de tres ocos que aloxan dúas campás de diferente tamaño nos dous inferiores, coroada por un viraventos decorado cun curioso galo alongado. A campá, segundo reza a inscrición, colocouse en 1904. Sitúanse no campanario



os correspondentes pináculos piramidais.

A igrexa localízase sobre un promontorio que domina o pobo e rodéase dun muro de pedra que pecha e alberga o camposanto parroquial. A situación e construción tardía suxire ter sido erixida sobre unha ermida anterior. Sirva como referencia o dato que achega E. Rivas Quintas (A Limia) de que o Bispo de Ourense d. Lourenzo, para axudar no sustento do mosteiro de Xunqueira de Ambía aumenta o seu patrimonio con oito igrexas:

1230. *“Prior dicti monasterii beatae de Mariae de Junqueyra et conventus ejusdem monasterii ordinis sancti Augustini canonicum regularem... sustentari non possint... (hac causa damus ecclesiae) ... cita 5 iglesias a máis de ... et Sancti Tirsii y et Sanctae Crucis de Cobas Arnoya et Sancti Petri de Pias...”*

Este documento é importante, pois sinala a existencia de igrexa en *Sancti Tirsii*, capela ou ermida en Santiso, precedente da actual igrexa parroquial do XVII, como mínimo, e a súa dependencia da Colexiata de Xunqueira de Ambía, un Priorado do mos-

teiro. No caso da freguesía de Santiso, os libros parroquiais que constan no Bispado da Diocese rexistran as datas da táboa adxunta:

Libro: Bautismo (1630) Confirmación (1767); Matrimonio (1652); Defunción (1652); Fábrica (1679).

Datos que suxiren para a actual obra a segunda metade do s. XVII, parecida ás de igrexas das parroquias próximas, se exceptuamos a máis antiga de Escuadro.

Cemiterio.- Onde se exhibe o traballo dos canteiros do val sobre o granito (mausoleo familia Muñoz, obrado por Salvador, o grande canteiro de Carguizoi, e outros de Ramiro de Paioso). No adro da igrexa vense algúns enterramentos en terra, de primitiva etapa. Os nichos son de boa obra, de

granito, con decoración nos frontis que abunda nos clásicos pináculos flor hexapétala e o serpentiforme que lembra a lápida anepígrafa romana do veciño Xinzo da Costa.

O muíño.- Un solitario cubo de lasca de xisto, é de roda motora horizontal (rodicio) instalada no baixo do edificio, de violento nome (inferno), sobre o que se encontra o piso (tremaño) onde se elabora a fariña ao cal se accede por unha porta lateral. A roda, peza motora do muíño, xira sobre unha pequena concavidade nunha pedra de cuarzo que lle serve de chumaceira (ra) e aliña no seu perímetro paletas (penlas ou culleres) que reciben o impulso da auga procedente do regato, pas que antigamente eran de madeira de carballo e modernamente o conxunto substitúese por unha turbina de metal. O xiro desta turbina simple arastraba mediante un eixe unido por un buxa á roda de moer (moa ou capa) sobre outra soleira fixa e de moito máis espesor (pé), triturando así o cereal procedente dunha moega, regulada a subministración cun mecanismo (tarbela e cornizuela), movido tamén polo eixe. As moas encerrábanse nun tambor ao ob-





Muíño

xecto de centrar a saída de fariña. Tamén o xiro e subministración de auga se controlaba con respectivos freo e pa. Como instalación anexa existía unha grande pinza de ferro (cabria) para levantar a moa e proceder ao seu picado ao desgastarse co uso, amais dos naturais instrumentos de medida, de peso e capacidade.

No linde norte do pobo existe un lavadoiro obrado nun recinto sen cuberta, que só debería ser destinado a lavar, non a bebedoiro, pois presenta un muro de peche de suficiente altura que impide o

seu acceso a animais. A súa estrutura é sinxela xa que mostra, interior e separado do recinto exterior por un estreito corredor, o depósito de auga rodeado por un murete coroado por lousas, levemente inclinadas, sobre as que se lavaría a roupa. É de notar a falta de cuberta dado o pluvioso clima galego.



Lavadoiro

É de comentar unha pequena ferraría sita ao final do pobo.

Entorno.- (Fonte Web: Santirso "A vila da Serra")



Ferrería

En Santiso, cara ao leste, temos unha flora cada vez máis propia dun clima continental de alta montaña, a chamada rexión eurosiberiana galega, Atopamos vexetación de monte baixo, queirugas, cerquiños, uces brancas, arandos, cancireixos e mesmo bosques de coníferas de repoboación forestal. Por outra banda, se imos cara ao oeste, baixando pois cara ao val, aparecen carballos, castiñeiros e bidueiros, pero, sobre todo, terras de cultivo destinadas ao gando.



UNHA XORNADA DE ESMORGA

José Antonio Rodríguez González "Nené"

Nota do Autor: Os nomes dos personaxes deste relato son todos ficticios.

Xoán e Lois, grandes amigos da vila de Maceda, acaban de estreitar a maioría de idade, bos mozos, no sentido máis literal.

Xoán tén media barba e Lois un bigote negro que lle senta moi ben.

A Xoán chámanlle o "*Doutor*" porque dende que era cativo dicía que quería ser médico, e a Lois o "*Peitos*", porque enche o peito e di: - mirade que forte son!, cousa que é certa, abofé.

Estudan en Ourense, Xoán no colexio dos Maristas e Lois nos Salesianos. Estiveron

sempre internos e agora están a preparar a proba de acceso á Universidade, os dous son bos estudantes, sacan moi boas notas.

Lois, quere ser farmacéutico como o seu pai, pois como el di a Farmacia é una tenda que dá moitos cartos e quere vivir sen privarse de nada. Xoán vive na Praza das Toldas e os seus pais teñen una tenda de roupa moi especial "Luciano Puga" na que entras espido e saes vestido de enriba a abaixo!; dende uns calcetíns ata un sombreiro ou mesmo unha boina. Por certo, aínda que non tén nada que ver co seu negocio, fan un li-

cor café exquisito e tamén un augardente de herbas moi rico. Teñen boa man!

Xoán vive na rúa Aureliano Ferreiro cos seus pais e alí mesmo teñen a Farmacia "*Jesús Lage*".

Xoán e Lois vense todos os días a media mañá na Praza das Toldas; xúntanse alí con outros amigos, con Pedro "*Cebolo*", Antón "*Pipote*", Alvaro "*Chanquiñas*", Ismael o "*Listo*", Xoaquín o "*Teimudo*", Dámaso "*Gafiñas*", Anxo o "*Solitario*", Ramón o "*Pesco*", Pepe "*Rebuldeiro*", Xavier o "*Xastriño*", Bieito "*Lagarello*", Paco "*Paxariño*" e Xosé María o "*Tras-te*".

Acostuman tomar unhas cuncas de viño do Ribeiro, entre outros, na tasca de Xenerosa e mais o seu home Eladio; acompañaos sempre o señor abade, don Xenaro; e aínda que ningún lle vai á misa, el non lles di nada por non cumprir como bos cristiáns.

Don Xenaro, que en canto a equipos de fútbol é do Cel-



Praza das Toldas
(Maceda)

ta de Vigo, non hai vez que non acabe por contar algunha anécdota de cando estivo de párroco por terras de Celanova e Cortegada, recién saído do Seminario: Que se algunha moza lle facía as beiras, que se os feligreses se disputaban por levalo a una bodega ou a outra,... E eles rin porque pensan que lles está a contar unha trola.

Lois e Xoán, xóganse o café ó “subastado” no Casino, rexentado por Manuel o “Peluche” e logo soen pasar o “rato” na zapatería de Ezequiel Pousa o “Farfallas”, onde se forma unha boa tertulia. Deseguido, uns viños polos bares da vila e despois de cear o primeiro cafeciño en casa María Lodeiro a “Morena” e despois unhas copiñas onde sexa preciso.

Así foi que un día, despois de cear, dille Xoán á súa nai:

- Mamá, vou saír a tomar o “fresco”, pois vai moi boa noite e ó mellor veño tarde!

- Pero non fagas “falcatruadas”, seme unha persoa educada que para algo estudaches nun colexio relixioso, e o teu pai e mais eu, non queremos que veña a xente a nos dicir que fixeches calquera barrabasada.

- Bueno, bueno, que ata agora ninguén veu a esta casa



Rúa do Medio
(Maceda)

a falar mal de min! Ti sábelo ben, non si?

Entón sae e vai ó café para atoparse co seu amigo Lois.

- Que tal ceaches? - pregunta Lois

- Pois moi ben, ceei tortilla de pataca de ovos caseiros, acompañada de dous bistés de tenreira e unha ensalada de leituga, cebola e mais tomate. E de sobremesa catro filloas de leite.

- Non está mal para unha cea! (Respondeulle Xoán).

- Mi madriña, que barbaridade. Teremos que ir ata o Reconco para que fagas a dixestión!

Ao chegar ó fondo do terraplén...

- Xoán: mira para o ceo, hai lúa chea e tamén miles de estrelas. E como brillan!

- Si, dende logo é una noite ben fermosa para mirar as estrelas!

- E agora, que che parece se imos espertar a Marina e lle botamos unha cantiga? (Pregúntalle Xoán a Lois)

- Paréceme ben, rapaz! (Respóstalle Lois)

Marina é unha rapaza morena e moi guapa. Vive na rúa do Medio cos seus país, Ambrosio Peña e Xosefa Quintas, da familia dos “Mecos”.

- Mariiiiiinaaaaa! Mariiiiiinaaaaa! Sae á fiesssssstraaaaa! (Berran os dous a un tempo).

Nisto, que a rapaza dende o seu cuarto, coa fiestra que dá ao corredor aberta, dilles:

- Bueno, home bueno, quen ían ser se non os dous zascandís! Oh, Deus! Estaba a ter un soño tan fermoso e vós os dous mo estragastes!



- *E logo qué soño era ese?*
- preguntou Lois.

- *Soñaba que me nomeaban a raíña das festas das Neves e que me puña o señor alcalde unha banda azul e ata unha coroa de ouro!* (Contesta Marina).

- *A iso chámase “de altos voos”* (Di Xoán)

- Lois comeza a cantar:
Marina, Marina, Marina/ contigo me quero casar...

E segue Xoán enlazando cunha poesía medieval:

- *Si tu quisieras señora/ yo sería tu servidor...*

Ó que Marina responde:

- *¡Vete de ahí, malo, falso, ruín, traidor!*

- *E agora lacazáns, gaudules, perilláns, xa podedes marchar os dous, non vedes que espertades aos veciños! Non vos dá vergoña almas cándidas? Marchade dunha vez a dar a tabarra a outra parte!*

- *Se espertan que esperten, mañá é sábado e non traballan, e ademais mentras dormen non viven, non é coma nós que aproveitamos o tempo e así vivimos máis e ó mesmo tempo divertímonos!* (Di Lois)

- *Escoita Marina, “quien mucho duerme poco aprende”* (engade Xoán)

Volve a cantar Lois:

- *Moreniña, por morena téñoche o ollo botado/ has de ser miña muller/ ou non hei de ser casado.*

Entón oiuse un berro desde a casa de enfrente:

- *Quen anda aí?*

Por medo a ser descubertos despídense cun

- *Aata mañá, Marina, voltaremos outro día!*

Xa na Aira das Mantas ven subir a Emilio Formoso “O toupas” dando bandazos, dun lado a outro;

- *Vés bo, Emilio! Parece*

un barco que primeiro escora a babor e logo a estribor. Ti cargaches todo dunha vez por non facer dúas viaxes! (Dille Lois)

- *Perdoádeme meus amigos, ando con dor de moas, xantei pouco, non ceei, tomei só líquidos e augardente para ver se me pasaba a dor. Foron tantas as copas, que acabaron por sentarme mal e subíronseme á cabeza!*

- *Si, e logo baixáronseche ós pés e por iso perdes o equilibrio! E agora xa que vas ata o alto do Toural, antes de chegar ó Concello mete unha marcha curta, pois se pos unha longa ó mellor apareces no chan!* (Dille Xoán)

- *Grazas meu amigo, polos consellos tan sabios que me dás! Tereinos en conta, ata mañá!* - *dixo Emilio camiñando moi paseniño pola rúa do Medio*

- *Mi madriña! O que chega a facer unha dor de moas!* (di Lois)

Na Praza atopan a varios amigos e despois de estar un bo rato de parola dan por rematada a xornada.

Lois e Xoán, de despedida, danse unha aperta ó tempo que repiten,

- *AMIGOS PARA SEMPRE!*



PASATEMPOS

A. C. Aira das Mantas

ENCRUCILLADO

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
1										
2										
3										
4										
5										
6										
7										
8										
9										
10										

Horizontais: 1.- Parte redondeada da roda do carro. Lugar no que se realizan os labores de malla dos froitos e que, xeralmente, queda colocada a palla. 2.- Falar con solemnidade ou a berros. Contracción da preposición con e artigo o. 3.- Consoante. Cargo de novo. 4.- Saír dun líquido, aboiar. Conxunción comparativa. 5.- Instrumento músico de corda. Cada unha das dúas glándulas, situadas na rexión lumbar, para filtrar o sangue e segregan ouriños. Consoante muda. 6.- Lado do navío de onde vén o vento. Extensión de terra que penetra no mar. Interxección con que alguén se dá por enterado dunha cousa que se lle di. 7.- Instrumento agrícola en forma de peite que serve para xuntar palla, herba, etc (plural). Terminación de infinitivo. 8.- Sur. Vogal. Posesivo (ao revés) Matrícula francesa. 9.- Primeira luz do día. Antes do tempo acostumado. 10.- Corrente natural de auga. Pezas de ferro cortante, fixadas no arado que serven para levantar a terra e abrir rego ao labrar

Verticais: 1.- Cen. Que tén moita idade (feminino plural) Consoante. 2.- Conxunción comparativa. Parte da roda do carro onde se fixa o eixe. Nese lugar que está próximo ao oínte. 3.-Mil cincuenta. Segunda conxugación. Ave macho da orde das galináceas. 4.- Construción en mal estado ou feita con materiais pobres. Consoante. 5.- Ao revés, gromo, brote, rebento dunha planta. Aturuxar. 6.- Cruel, desagradable, doloroso (plural) Vogal. Tesouro público (plural) Cento cincuenta. 8.- Terceira vogal. Consoante. Punto cardinal. Secreción viscosa producida polo fígado. 9.-Pide por favor, suplica. Peixe teleósteo de cor azul e verde con raias negras no lombo. 10.- Cubrir, tapar, esconder. Artigo determinado (masculino plural)

SUDOKU

Encher os ócos nas filas e columnas coas cifras do 1 ó 9.

Olo!: Non se debe repetir ningún nº na mesma fila, columna ou subcadrícula.

				8			7	5
	8	3			9	6	4	1
7	6	5		1			3	9
					2		8	
6				3	5	9		7
3	4				7	5		
5			9	4				
						7		
				7	8			4

SOPA DE LETRAS

Busca oito Santos ou Virxes ás que se lle adican distintos festexos nos pobos do Concello de Maceda.

S	A	S	C	E	N	S	I	O	N
S	A	X	T	E	A	L	O	D	E
N	O	N	A	S	N	E	V	E	S
E	I	R	T	L	V	A	F	S	O
M	C	E	G	I	B	N	U	L	R
R	D	U	R	A	A	C	E	J	D
A	I	Q	U	E	L	G	L	U	E
C	T	O	F	L	A	I	O	R	P
B	A	R	T	O	L	O	M	E	N

SOLUCIÓNS

JUAN									
ROQUE									
PEDRO									
CARMEN									
AS NEVES									
SANTIAGO									
ASCENSIÓN									
BARTOLOME									
4	1	9	3	8	6	2	7	5	
2	8	3	7	5	9	6	4	1	
7	6	5	2	1	4	8	3	9	
9	5	7	1	6	2	4	8	3	
3	4	1	8	9	7	5	6	2	
5	7	6	9	4	3	1	2	8	
8	3	4	5	2	1	7	9	6	
1	9	2	6	7	8	3	5	4	





GALLÆCIA REGNUM

DESTRALS

OCEANUS

DESTRALS

SEPTENTRIO

OCCIDENS

MERIDIES

11 12 13

10 11 12 13

44

44

ORLEANS

Scale bar and legend:

- 10
- 20
- 30
- 40
- 50
- 60
- 70
- 80
- 90
- 100

Legend:

- 1000
- 2000
- 3000
- 4000
- 5000
- 6000
- 7000
- 8000
- 9000
- 10000

Scale: 10000

Legend:

- 1000
- 2000
- 3000
- 4000
- 5000
- 6000
- 7000
- 8000
- 9000
- 10000

C. Orreagal

Tierra de C. Herca

Val de Watera

Cervantes tierra

I. ugo

Tierra de Ulloa

Monte Rato

Reborredo tierra

Tierra de Doan

Cambra tierra

Orcenif

Tierra de Limnia

Terra de S. Marti

Terra de S. Marti

Terra de S. Marti

Terra de S. Marti

Terra de S. Marti

Terra de S. Marti

Terra de S. Marti

Terra de S. Marti

Coruña

Coruña

Santiago

Santiago

Santiago

Santiago

Santiago

Santiago

Santiago

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de

Tierra de